

## **CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO.**

O Valedor do Pobo cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, definido como a situación de equilibrio ou superávit computada ao longo do ciclo económico en termos de capacidade de financiamento de acordo co sistema europeo de contas nacionais e rexionais, durante os exercicios 2013, 2014, 2015 e 2016, 2017 e 2018.

Así mesmo, cumpre co principio de sostenibilidade financeira entendida como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, posto que, partindo da seguridade dos seus ingresos xestionounos de modo que non precisou de ningunha operación de débeda a curto ou longo prazo e o seu período medio de pago non supera o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.